



I CONCURSO DE SELFIES: Muuuito selfie!!!!

BASES DO CONCURSO

1.- FINALIDADE

A finalidade deste concurso é a de promover o rural que nos rodea, achegando ás persoas o sector primario, motor económico no concello e arredores, así como destacar aspectos peculiares, únicos e distintivos do noso territorio e amosar a forma de vida da nosa xente.

Con esta actividade preténdese promover a xornada “ O rural é valor” implicando a poboación dunha forma interactiva e actual a través das novas tecnoloxías. Desta maneira darase a coñecer os recursos turísticos e as posibilidades nesta mateira existentes na nosa vila.

2.- PARTICIPANTES

Poderán participar neste concurso todas aquelas persoas físicas de 12 anos en diante, que cumpran con estas bases. Para a participación de persoas menores de idade, é necesaria a autorización dos seus pais/nais ou titores cubrindo o modelo anexado nestas bases e enviado a dirección de correo electrónico omixsantacomba@gmail.com

3.- TEMA

O tema será: selfie con vaca/as.

Os traballos que se presenten deberán ser orixinais e inéditos. Non se admitirán imaxes de montaxes, nin manipulacións que non sexan exclusivamente tratamentos de cor ou axustes de calidade ou procesado da imaxe. As fotografías non terán ningún elemento: sinatura, logo, iniciais,...

No caso de que se presenten ao concurso fotografías con imaxes de persoas físicas, recae sobre o participante toda responsabilidade relacionada co dereito á intimidade e a propia imaxe.

4.- CATEGORÍA

Selfie (autoretrato).

5.- Nº DE OBRAS E FORMATO

Cada participante poderá enviar un máximo de cinco selfies, os cales poderán ser en cor ou en branco e negro.

6.- PREMIOS

1º premio: 300 € (Vale de compra)

2º premio: 200 € (Vale de compra)

3º premio: 100 € (Vale de compra)



Os premios serán trocados nos establecementos comerciais concertados do concello de Santa Comba.

Cada participante só poderá optar a un premio.

7.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Os selfies serán compartidos co hashtag **#muuuitoselfie** na páxina de Facebook SANTA COMBA Info+ e no Instagram @Turismoterrasdoxallas, indicando o nome da persoa participante.

8.- PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación dará comezo o 15 de febreiro e rematará o 28 de febreiro de 2018 incluído.

9.- XURADO

O xurado estará conformado por catro persoas, das cales dúas serán membros do departamento de Xuventude e Eventos do concello de Santa Comba (ou persoal que deleguen os mesmos) e outras dúas serán integrantes do obradoiro de emprego Proturismo2017. Os membros do xurado non poden participar no concurso.

O xurado terá que fallar o premio o 2 de marzo, comunicándollo aos gañadores/as mediante as mesmas redes sociais coas que se participa.

10.- EXPOSICIÓN

O Concello de Santa Comba levará a cabo unha exposición con todas as obras premiadas e presentadas a concurso.

11.- RESOLUCIÓN/DEREITOS DO CONCELLO

Todos os traballos presentados pasarán a formar parte dun arquivo creado para uso municipal, e poderán ser expostas e reproducidas co obxectivo expresado no apartado primeiro

A participación no concurso supón a aceptación destas bases.



Autorización para a publicación de imaxes ou datos persoais nas actividades programadas polo Concello de Santa Comba

Actividade: CONCURSO DE FOTOGRAFÍA “MUUUUITO SELFIE!

Coa inclusión das novas tecnoloxías nas actividades organizadas polo **Concello de Santa Comba**, e ante a posibilidade de que nestas poidan xurdir imaxes ou ter que tratar datos seus durante a realización de tales actividades.

E dado que o dereito ó honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe están garantidos polo artigo 18.1 da Constitución Española, en concordancia co artigo 20.4 do mesmo texto legal, e a Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, desenrola o principio xeral de garantía sobre tales dereitos, así como a protección que a Lei 15/1999, do 13 de decembro sobre a Protección de Datos de Carácter Persoal, garante no que concirne ao tratamento de datos persoais, as liberdades públicas e os dereitos fundamentais das persoas físicas, e especialmente do seu honor e intimidade persoal e familiar, o **Concello de Santa Comba** pide o seu consentimento para poder publicar as imaxes fotográficas e vídeos nos que poidan aparecer individualmente ou en grupo, así como o tratamento de datos, que con carácter informativo poidan aparecer en diferentes secuencias no ámbito cultural, deportivo ou actividades que se realicen.

Don/Dona.....

DNI

Nome do/a Menor:

Si _ Non _ Autorizo ao Concello de Santa Comba, arriba sinalado, ó uso informativo das imaxes realizadas ou dos datos persoais nas súas actividades, publicadas en:

- Filmacións destinadas a difusión educativa e divulgativa non comercial.
- Fotos para revistas ou publicacións de ámbito informativo.
- Imaxes nos medios de comunicación: redes sociais, xornais, televisión, autorizado pola Asociación, cando o seu propósito sexa simplemente informativo ou divulgativo das actividades.
- Á participación, cumprindo as bases establecidas, na citada actividade

En Santa Comba, a de do 2018

Asinado: